XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

**CMPS002**

# Lingua galega

Parte sociolingüística. Lingua galega

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test, distribuídos deste xeito:
  - Texto 1: cinco cuestións tipo test.
  - Texto 2: cinco cuestións tipo test.
  - Bloque de dez cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos.

# 2. Exercicio

## Texto 1

**Ponte Mantible, o último acueduto de Santiago de Compostela**

O Barrio de Vite conserva o último acueduto de Santiago de Compostela: trátase da Ponte Mantible, unha canalización construída sobre o río Corgo que data do século XII e que aínda segue en funcionamento, levando auga ás fontes da cidade.

A súa construción remóntase aos tempos de Diego Xelmírez, primeiro arcebispo de Santiago, responsable xunto ao seu tesoureiro, o Mestre Bernardo, de levar a cabo grandes obras para a rede de abastecemento da cidade.

A afluencia masiva de peregrinos a finais do século XI levou a que o rudimentario sistema da cidade se vise excedido: as fontes non tiñan subministración suficiente e dise que os monxes de San Martiño Pinario nin podían lavar as mans.

Ante esta situación desesperada, o arcebispo mandou reconstruír un pequeno acueduto duns dous séculos de antigüidade, situado "a mil pasos da cidade" e construído en tempos do bispo Sisnando.

Aínda que non se coñecen os prazos exactos da construción destas canalizacións, si se sabe cando concluíu: o 11 de abril de 1122, a data que figuraba na Fonte do Paraíso, o punto de destino do novo sistema de subministración.

*"Eu, Bernardo, tesoureiro do beato Santiago, trouxen esta auga aquí e construín a presente obra pola miña alma e pola dos meus pais. Ano 1122, 11 de abril"*, rezaba en latín a placa da fonte, xa desaparecida.

Este acueduto canalizaba a auga de dous mananciais situados no alto do Monte de Vite, en Chan de Curros e Fonte Branca, e trasladábaa ata o Convento de Santa Clara, desde onde era distribuída en varias direccións.

[https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/ponte-mantible-el-ultimo-acueducto-de-santiago-de-compostela]

### 1. Segundo o texto, cal é a información **correcta**?

**A** No século XII foi reconstruída unha canalización sobre o río Corgo que xa tiña douscentos anos.

**B** No ano 1122 o arcebispo Xelmírez mandou construír unha fonte ornamental situada fóra da cidade.

**C** No Convento de Santa Clara os monxes careceron de abastecemento de auga ata o século XIII.

## 2. Segundo o texto, cal é a información **falsa**?

**A** O mosteiro de San Martiño Pinario non tiña un bo abastecemento de auga antes de facer esta obra.

**B** O Mestre Bernardo financiou a construción dun acueduto en Santiago na época do bispo Sisnando.

**C** A Fonte do Paraíso tiña unha placa con datos sobre a reconstrución do acueduto no século XII.

## 3. Segundo o texto, a Ponte Mantible foi construída para:

**A** Transportar mananciais ata o centro de Compostela para sementar os campos da cidade.

**B** Trasladar fontes a lugares próximos ás obras de construción da catedral de Santiago.

**C** Levar auga ata a cidade de Santiago nunha época en que xa chegaban a ela moitos peregrinos.

## 4. No texto, a palabra *tesoureiro* (liña 16ª) significa:

**A** Persoa encargada da administración das finanzas dunha organización ou entidade.

**B** Persoa ou cousa á que se lle dá moito valor ou á que se quere moito polos seus méritos.

**C** Conxunto de cousas preciosas, como por exemplo xoias, diñeiro ou obxectos de valor.

## 5. No texto, a palabra *rudimentario* (liña 7ª) significa que:

**A** Está moi coidado e é requintado e refinado en exceso, porque ten moito artificio.

**B** Resulta difícil de comprender por estar constituído de diversos elementos e presentar complicación.

**C** Non alcanzou un alto grao de desenvolvemento, senón que está pouco elaborado.

## Texto 2

### Xela Arias Castaño protagonizará o Día das Letras Galegas no ano 2021

Así o decidiu o pleno da Real Academia Galega (RAG), que destaca á poeta sarriá como "unha voz singular da xeración que anovou nos anos 80 a poesía galega en temas, estilo e forma", subliñando ademais "o seu labor pioneiro na tradución ao galego de clásicos universais e como editora". Xela Arias convértese na quinta muller homenaxeada no Día das Letras Galegas nos 58 anos desta celebración (...).

A RAG cualifica a Xela Arias como "unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea", autora "dunha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida". Destaca que "por idade, Xela Arias formou parte dun grupo de poetas que tamén recibirán a homenaxe da Academia a través dela: o dos mozos e mozas que renovaron a poesía galega a partir dos primeiros anos 80" (...). A profesora Chus Nogueira incide en que "Xela Arias constituíu un modelo para novas escritoras e escritores" (...).

En 1986 Xela Arias foi finalista do premio Lousada Diéguez co seu primeiro libro, titulado *Denuncia do equilibrio*. En 1990 saíu do prelo *Tigres coma cabalos*, volume no que os versos e a fotografía se fusionan a través de vinte e catro poemas acompañados doutras tantas imaxes (...). No seu terceiro poemario, *Darío a diario* (1996), dedicado ao seu fillo, abordou a maternidade dende unha ollada afastada do tratamento tradicional (...).

A RAG recoñece igualmente o seu traballo como tradutora. Entre outros títulos, verteu ao galego dende o inglés, o italiano, o portugués ou o castelán autores e autoras como Bram Stoker (*Drácula*) e Roald Dahl (*As bruxas*) (...). A súa tradución de *Amor de perdición* (1986) de Camilo Castelo Branco foi merecente do Prémio de Tradução da Sociedade da Língua Portuguesa; o seu *O derradeiro dos mohicanos* (1993) de James F. Cooper foi recoñecido co Premio R. Cabanillas de Tradución (...).

[https://praza.gal/cultura/xela-arias-protagonizara-o-dia-das-letras-galegas-no-ano-2021]

### 6. Segundo o texto, cal é a afirmación **correcta**?

**A** Bram Stoker verteu ao galego obras escritas en inglés, italiano, portugués e castelán.

**B** Xela Arias escribiu un libro en verso no que combinou poemas e fotografías.

**C** Castelo Branco foi galardoado co Prémio de Tradução da Sociedade da Língua Portuguesa.

**7.** Segundo o texto, cal é a afirmación **correcta** sobre o Día das Letras Galegas?

**A** As obras poéticas máis importantes de Xela Arias son *As bruxas* e *Amor de perdición*.

**B** Aos poetas da xeración de Xela Arias váiselles render tributo a través desta homenaxe.

**C** A Academia Galega concederá un premio literario para a tradución da obra de Xela Arias.

**8.** Segundo o texto, cal é a afirmación **falsa**?

**A** Xela Arias é a quinta escritora que vai ser celebrada no Días das Letras Galegas.

**B** Chus Nogueira opina que esta escritora é un exemplo a seguir para os autores galegos.

**C** Lousada Diéguez foi finalista dun premio co seu primeiro libro de poemas en 1986.

**9.** A palabra *afastada* (liña 16ª) significa que está:

**A** Cerca.

**B** Lonxe.

**C** Preto.

**10.** A palabra *transgresora* (liña 7ª) ten como sinónimos:

**A** Infractora, conculcadora, quebrantadora, contraventora.

**B** Atacante, agresora, ofensiva, violenta.

**C** Implicada, enleada, involucrada, ensarillada.

## Bloque de cuestións

### 11. Cal é a serie de palabras **correcta**?

**A** Hidratar, desinchar, hemiciclo, ombreiro, anhelar.

**B** Enrique, hinchar, arpa, bahía, hematólogo.

**C** Elena, hinflar, arpón, vahído, hemodiálise.

### 12. Cal é a afirmación **correcta**?

**A** Os nomes rematados en *-axe* como *viaxe, friaxe, dobraxe e garaxe* son de xénero masculino, agás *paxe* e *personaxe*.

**B** Os nomes rematados en *-ume* como *pesadume, lume, cume* e *legume* son de xénero masculino, agás *servidume* e *mansedume*.

**C** Os nomes rematados en *-or* como *cor, dor, calor, favor* e *suor* son de xénero masculino, agás *flor* e *labor*.

### 13. Cal destas oracións contén un **uso correcto** do xerundio?

**A** Búscase secretaria falando inglés.

**B** Tiña auga fervendo ao lume.

**C** Decreto regulando o horario dos comercios.

### 14. Cal é a serie de palabras correctamente acentuada?

**A** Termostato, parásito, misil, cónclave, futbol, médula.

**B** Beisbol, cíclope, facil, atmósfera, textil, diócese.

**C** Período, elite, olimpíada, paxaro, cardíaco, chofer.

### 15. Cal destas series de palabras contén **hiperenxebrismos** (modificación artificial de certas palabras propias dun idioma para diferencialas das formas coincidentes noutra lingua)?

**A** Albanel, enquisa, marmelo.

**B** Crebafolgas, amaraxe, aluar.

**C** Sinceiro, hourizonte, semán.

**16.** Cal é a serie de palabras correctamente escrita?

**A** Engano, dolmen, arenífero, personaxe, xenerativo, lunar.

**B** Amenaza, consonante, abonar, persona, arenal, xenerar.

**C** Persoaxe, avoar, condear, abandoar, areal, luar.

**17.** Cal destas oracións contén un **uso correcto** do infinitivo?

**A** Ao entrares (ti) na tenda pon sempre luvas.

**B** Pedir (vós) a un compañeiro que vos axude.

**C** Habedes de facerdes (vós) os traballos de clase.

**18.** Cal é a serie de palabras **correcta**?

**A** Estremadura, expectacular, espremer, extranxeiro, espiar.

**B** Extremadura, expoliar, extender, extrañar, exclusa.

**C** Estremadura, escusa, escorrer, escavar, esplendor,

**19.** Cal é a oración que contén un **uso incorrecto** da posición do pronome persoal átono?

**A** Ninguén lles dirixiu a palabra.

**B** Me dixo que o fixera ela.

**C** Seica te chamou onte.

**20.** Cal é a serie de palabras **correcta**?

**A** Ouriolo, auga-neve, de algún, boca-aberta, entre ambos.

**B** Aqueloutros, vichelocrego, portavultos, mirasoles, trasantonte.

**C** Papafigo, recolle-pelotas, mal humor, lava-pratos, pasado mañá.

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | X | | |
| 3 | | | X | |
| 4 | X | | | |
| 5 | | | X | |
| 6 | | X | | |
| 7 | | X | | |
| 8 | | | X | |
| 9 | | X | | |
| 10 | X | | | |
| 11 | X | | | |
| 12 | | X | | |
| 13 | | X | | |
| 14 | | | X | |
| 15 | | | X | |
| 16 | X | | | |
| 17 | X | | | |
| 18 | | | X | |
| 19 | | X | | |
| 20 | | X | | |
| N.º de respostas correctas (C) | | | | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,125 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.**